



Concello de Baralla

BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA POSTOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE BARALLA

1. - OBXECTO.

O obxecto destas bases é establecer as normas e procedemento xenérico para a creación dunha bolsa de emprego para cubrir prazas de persoal laboral temporal no Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Baralla que queden vacantes por motivos sobrevidos: baixas, vacacións, xubilacións, acumulación de tarefas, traballos estacionais, permisos... do cadro de persoal do servizo, e vacantes con base na demanda do servizo, da disponibilidad orzamentaria e de achegas finalistas.

Nos postos de traballo que se cubran a través desta bolsas de emprego, os seleccionados prestarán servizos de carácter temporal no Concello de Baralla, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias do posto, sendo as súas funcións as que figuran na ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar de Baralla vixente. O servizo municipal de axuda no fogar préstase nos domicilios dos usuarios distribuídos por todo o territorio municipal, polo que será imprescindible que o persoal conte con medios propios para desprazarse.

O contrato terá un período de proba de dous meses. O non superar o período de proba supón que esa persoa quedará eliminada da lista de forma definitiva. A xornada será completa ou parcial, incluíndo sábados, domingos e festivos. A retribución fíxase de conformidade co convenio colectivo do sector de axuda a domicilio da Comunidade Autónoma de Galicia (publicado no DOG núm 31, do 16/02/2010), Resolución do 6 de novembro de 2012 (publicado no DOG núm 222, do 21 de novembro de 2012)

As presentes bases publicaranse no BOP de Lugo, no Taboleiro de Edictos do concello e na páxina web municipal: www.concellodebaralla@concellobaralla.es

2.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos na lista, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos á data de finalización de presentación de solicitudes e deberán gozar destes durante todo o prazo na que a mesma estea en vigor, de conformidade co artigo 56 da Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público:

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

DECRETO

Número: 2021-0069 Data: 12/05/2021



Cod. Validación: AKGNXM532MYEJ7DYKZTP2636K | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xeslona esPublico | Páxina 2 a 14



Concello de Baralla

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ó disposto no artigo 52 da lei 2/2015, de 29 de abril, do Empego Público de Galicia, permita o acceso ó emprego público.

Poden acceder ó emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

-As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- d) Estar en posesión da titulación esixida para a praza. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.
- f) Cumprir, no momento de formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- g) Contar con carnet de conducir en vigor e vehículo propio para desprazamentos, ou dispoñibilidade propia para viaxar.

3.- INSTANCIAS.

Os que desexen entrar a formar parte da bolsa para traballo temporal, deberán presentar solicitude no modelo oficial que se publicará como anexo a estas bases e que se lles facilitará nas dependencias municipais e na páxina web municipal.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

DECRETO

Data: 12/05/2021

Número: 2021-0069



Cod. Validación: AKGNXW532MYEJ7DYKZTP2636K | Corrección: https://baralla.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xesiona esPublico | Páxina 3 a 14



Concello de Baralla

As solicitudes presentaránse no Rexistro Xeral deste concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, incluída a sede electrónica municipal.

As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello, e se fagan a través doutros medios (correo, ventanilla única doutra administración, ...) deberán comunicalo dentro do prazo mediante fax ó número 982363221, remitindo copia anexa da solicitude presentada. Serán excluídas todas as solicitudes que non remitiran este avance ó fax dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles (non contan sábados, domingos nin festivos) contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE.

Coa solicitude deberá presentarse necesariamente a seguinte documentación:

- Copia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Copia compulsada da titulación que se esixa.
- Declaración responsable segundo o modelo que se inclúen nestas bases.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso. Non se valorarán os méritos que non sexan efectivos antes de que remate o prazo de presentación de instancias.
- Informe de vida laboral actualizado e contratos de traballo.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Serán admitidos os aspirantes que presenten as solicitudes no prazo indicado e reúnan os requisitos establecidos nestas bases e nas específicas.

Unha vez recibidas todas as instancias, reuniráse un tribunal que valorará cada unha das instancias conforme aos criterios establecidos nas bases específicas ao obxecto de elaborar as listas. O tribunal estará integrado por cinco persoas que serán funcionarios ou persoal laboral fixo.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e nas bases específicas de que se trate, e estará facultada para resolver as cuestións que se promovan durante a valoración dos méritos, así como a adoptar as medidas necesarias que

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

DECRETO

Número: 2021-0069 Data: 12/05/2021



Cod. Validación: AKGNXM532MYEJ7DYKZTP2636K | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 14



Concello de Baralla

garantan a debida orde deste proceso en todo o que non estea previsto nestas bases. Sempre deberán estar presentes como mínimo, dous dos tres membros do tribunal.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ó sr. Alcalde, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015, de réxime xurídico das administracións públicas.

6.- VALORACIÓN DE MÉRITOS PARA ELABORACIÓN DE LISTAS.

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo cos baremos establecidos nas bases.

Os méritos deberanse posuírse na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen coa presentación da instancia.

7.- PUBLICACIÓN DAS LISTAS.

Rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal propondrá á alcaldía unha lista, que se exporá no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web, e contra a mesma poderán presentar reclamacións os interesados no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte á súa exposición.

Transcurrido este prazo e, no seu caso, unha vez resoltas as reclamacións que se podan presentar, publicarase a lista definitiva polos mesmos medios.

8.- RELACION DE ADMITIDOS. PRESENTACION DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTOS

Unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de admitidos por orde de puntuación no taboleiro de edictos do Concello. A relación de persoas que formarán parte da bolsa de emprego estarán ordenadas de modo descendente, de maior a menor puntuación

A devandita relación elevarase ao sr. alcalde da Corporación, que tras resolver sobre o nomeamento, publicara na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello.

Os/as candidatos/as que forman parte da bolsa, cando sexan chamados para un posto de traballo temporal, disporán dun prazo de 3 días hábiles para presentar no Rexistro Xeral do concello, os seguintes documentos (salvo que xa os presentaran coa instancia de solicitude):

- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade
- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

DECRETO

Número: 2021-0069 Data: 12/05/2021



Cod. Validación: AKGNXM532MYEJ7DYKZTP2836K | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 14



Concello de Baralla

ningunha Administración Pública nin de atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.

- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidas na lexislación sobre a materia.
- Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoa con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes ao posto, mediante certificación expedida polo Organismo competente na materia.

9.- FUNCIONAMIENTO DA BOLSA DE TRABAJO.

1.- Todas as persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha bolsa de traballo, ordenadas segundo a puntuación obtida, para as futuras contratacións que resulten necesarias a fin de cubrir vacantes temporalmente debidas a ausencias, vacacións, baixas,... do persoal municipal do servizo de axuda no fogar e/ou para cubrir novas contratacións temporais que se poidan necesitar para o servizo.

2.- Atendendo as necesidades do servizo, a Traballadora Social emitirá un informe/proposta conformada polo Alcalde ou concelleiro delegado, acudíndose á relación de candidatos que integran esta Bolsa de Traballo para cubrir estas vacantes

3.- Os integrantes da Bolsa de Traballo están obrigados a comunicar os seus datos persoais actualizados que faciliten a súa rápida localización, incluíndo a telefónica, sendo os únicos responsables da fidelidade dos mesmos.

4.- Os aspirantes aos que se oferten traballos temporais deberán manifestar a súa opción, incluso verbalmente, no prazo de 3 días hábiles desde a comunicación. Para iso chamaráselle telefonicamente aos número/s que achegaron xunto coa instancia. No suposto de que un mesmo aspirante este seleccionado para ocupar temporalmente dous ou máis postos dos ofertados na bolsa, permitiráselle optar a un deles. A persoa encargada destas comunicacións deixará constancia das mesmas, con indicación da data, hora e sistema de contacto.

5.- Se un familiar ou persoa distinta a/ao aspirante fose o que contestase á oferta formulada telefonicamente, entenderase que será o responsable de comunicarlle a/ao seleccionado/a

6.- Renuncia o nomeamento.

6.1.- Se o/a interesado/a non manifesta a súa conformidade co nomeamento no prazo de 3 días hábiles, entenderase que renuncia ao mesmo, e se lle postergará ao último posto da bolsa de traballo, a menos que concorran algunha das seguintes circunstancias, oportunamente xustificadas:

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

DECRETO
Número: 2021-0069 Data: 12/05/2021



Cod. Validación: AKGNXM532MYEJ7DYKZTP2636K | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 14



Concello de Baralla

a) Período de embarazo, de maternidade ou paternidade, de adopción e de acollemento permanente ou preadoptivo, incluíndo o período no que sexa procedente a concesión de excedencia para o coidado de fillos, para calquera dos supostos anteriores.

b) Encontrarse prestando servizos noutra entidade, sexa Administración Pública ou empresa privada, para o cal deberá achegar xustificante no prazo de 3 días hábiles a contar desde a comunicación da oferta. Durante o período de duración do dito contrato, o aspirante renuncia a calquera oferta que puidera xurdir dende o Concello de Baralla, eximindo a este de realizar a oferta telefónica. Esta circunstancia finalizará, en todo caso, na data de finalización do contrato ou nomeamento que figure na documentación xustificativa. No caso de que esta non existise, o interesado deberá achegar xustificante de finalización de contrato ou do nomeamento no prazo de tres días hábiles desde a data de cese.

c) Encontrarse en situación de enfermidade que impida o desempeño do posto de traballo, debendo xustificarse mediante o informe médico ou parte de baixa, no prazo de 3 días hábiles. Así mesmo, o/a interesado/a deberá achegar o xustificante de alta médica, cando esta se produza. Durante o período de enfermidade ou baixa, o/a aspirante renuncia a calquera oferta que puidera xurdir desde o Concello de Baralla, eximindo a este de realizar a oferta telefónica.

6.2.- Poderán estudarse outros casos de forza maior debidamente acreditados, non previstos nos apartados anteriores.

7.- Obtida a conformidade do interesado a quen corresponda o posto, a Alcaldía procederá á súa contratación, deixándose constancia no expediente dos cambios que como consecuencia do chamamento se produciran na correspondente lista.

8.- Se de acordo coa orde establecida na bolsa, o/a seleccionado/a non reúne requisitos esixidos polo tipo de contrato a subscribir, chamarase ao seguinte da lista que cumpra cos ditos requisitos.

9.- Os aspirantes seleccionados manteranse na mesma orde durante o proceso de vixencia desta Bolsa, de forma que ao finalizar cada unha das correspondentes contratacións ou nomeamentos, seguirá no mesmo orde de chamada para novos contratos ou nomeamentos. Esta orde manterase ata completar o período de 6 meses contratados, en cómputo de xornada completa, a través desta bolsa, sexa de xeito continuo ou ininterrompido; pasando neste caso, a ocupar o último posto. Cando sexan chamados achegarán, segundo as normas de funcionamento da Bolsa, os documentos orixinais acreditativos segundo as condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

10.- Cando un aspirante figure contratado para substituír a un titular con reserva de posto de traballo e cumprido o obxecto do contrato ou nomeamento, se produza nova causa de substitución do mesmo titular sen interrupción no tempo, poderase contratar ou nomear interinamente á mesma persoa da Bolsa para o novo obxecto, sen recorrer ao sistema establecido nas presentes bases.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

DECRETO

Número: 2021-0069

Data: 12/05/2021



Cod. Validación: AKGNXW532MYEJYDYKZTP2636K | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 14



Concello de Baralla

11.- Cando un aspirante renuncia á oferta dun contrato sen causa xustificada, se lle postergará ao último posto da bolsa de traballo, salvo nos supostos a), b) e c) do apartado 6.1. No caso de renunciar tres veces consecutivas sen causa xustificada será excluído definitivamente da Bolsa.

12.- As persoas integrantes desta Bolsa de traballo temporal están obrigados a manter actualizados os méritos relacionados con este posto de traballo.

13.- As persoas integrantes de esta bolsa están obrigadas a manter e gardar o deber de confidencialidade e segredo profesional. No caso de entender por parte de esta administración que se incumpre este deber, será motivo de exclusión definitiva desta Bolsa.

14.- Calquera persoa integrante da bolsa poderá consultar a lista en todo momento, se ben os cambios na mesma non se notificarán persoalmente. Igualmente se terá acceso en todo momento aos datos achegados polo propio solicitante, se ben non aos de outros aspirantes.

15.- Todas as persoas integrantes da bolsa deben de coñecer e se comprometen a aceptar a ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar deste concello, publicado no BOP núm.125, do 03/06/2014

16.- Causas de exclusión da Bolsa:

- a) por vontade propia do solicitante, mediante solicitude presentada no Rexistro Xeral deste concello
- b) por non ter presentado en tempo e forma a documentación necesaria establecida na base novena
- c) por non cumprir os requisitos de capacidade ou estar incurso en causa de incompatibilidade determinadas e aplicables ao persoal ao servizo das Administracións Públicas
- d) Pola falsidade da documentación presentada xunto coa solicitude de participación nesta bolsa
- e) por despido disciplinario
- f) no suposto de que a Traballadora Social deste concello emita un informe por servizos prestados non adecuados de algún/ha traballador/a desta Bolsa
- g) A non superación do período de proba.

10.- VIXENCIA DA BOLSA DE TRABALLO.

A vixencia desta bolsa de contratación será de catro anos, aínda que, dependendo do resultado, se o número de persoas existente na lista e as súas circunstancias non permiten que as mesmas sexan operativas, poderá reducirse esa vixencia e sacar unha nova convocatoria.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

DECRETO

Número: 2021-0069 Data: 12/05/2021



Cod. Validación: AKGNXMS2MYEJ7DYKZTP2636K | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 14



Concello de Baralla

11.- RECURSOS.

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das Administracións Pública.

Asimesmo, a xurisdicción competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdicción Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición ante o alcalde no prazo dun mes, previo ó contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xuzgado Contencioso-administrativo ou, a partir do día seguinte ó de publicación do seu anuncio no BOP

12.- INCIDENCIAS.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas pola/o interesado/a nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa.

O chamamento realizarase seguindo a orde de puntuación que fose obtida polos aspirantes. Notificado o mesmo, o prazo para que se presente será de 3 días hábiles.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; a Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e o Real Decreto Legislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación o Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do EBEP.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

DECRETO

Número: 2021-0069 Data: 12/05/2021



Cod. Validación: AKGNXM532MYEJ7DYKZTP2636K | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 14



Concello de Baralla

ANEXO I. CONDICIÓN ESPECÍFICAS DO POSTO DE TRABALLO.

1.- Relación xurídica co concello:

Personal laboral temporal, Grupo de cotización 10 e salario bruto mensual segundo convenio mais a parte proporcional das pagas extras. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato. Se o posto de traballo que vai desempeñar tivese algunha especialidade retributiva polas súas especiais condicións, aplicarásese tamén a este tipo de contrato. Pagaranse os desprazamentos con vehículo propio, previamente xustificadas, a 0,19 €/km.

2.- Horario e condicións do posto de traballo:

Tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar indicáraselle polo responsable do departamento de servizos sociais segundo as necesidades dos servizos. De todas formas o horario podería ser a xornada partida, de tarde e fins de semana e festivos, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

3.- Titulación requirida:

Conforme ó establecido na Resolución de 11 de decembro de 2017 da Secretaría de Estado de Servizos Sociais de Igualdade (BOE 30/12/2017), consideraranse os seguintes títulos e certificados, ou comprometerse a obtela (anexo III):

- Título de formación profesional de grado medio de atención sociosanitaria ou equivalente.
- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio.
- Técnico en coidados auxiliares de enfermería ou os equivalentes (técnico auxiliar de clínica, técnico auxiliar de psiquiatría e técnico auxiliar de enfermería).
- Técnico en atención a persoas en situación de dependencia ou o equivalente, técnico de atención sociosanitaria.
- Técnico superior en Integración social.
- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.
- Habilitación excepcional (BS800A) ou provisional (BS800B) para a categoría de auxiliar de axuda no fogar, segundo o establecido na Orde da Consellería de política social do 19/11/2018 pola que se regula o procedemento de obtención das habilitacións profesionais pertencentes as categorías de (..) auxiliar de axuda no fogar nos centros e servizos sociais do Sistema para a autonomía e atención á dependencia no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no DOG de 17/01/2019. Conforme á Disposición adicional primeira (Réxime especial de zonas rurais) da citada Orde (en vigor dende o día 18/01/2019) no medio rural e nos municipios rurais de pequeno tamaño, cando non dispoñan das persoas coa acreditación requirida para as categorías mencionadas anteriormente, e se acredite a non existencia de demandantes de emprego na zona rural con estas características, mediante certificado da oficina de emprego correspondente, as persoas que non contén coa cualificación profesional exixida poderán ser contratadas, ata que os seus postos poidan ser ocupados por profesionais cualificados, ou adquiren a cualificación correspondente.

Concello de Baralla

DECRETO

Número: 2021-0069 Data: 12/05/2021





Concello de Baralla

4.- Requisitos específicos:

Deberá contar con carné de conducir B e vehículo propio ou dispoñer de medio de transporte para o desprazamento polas distintas parroquias do municipio.

5.- Baremo do concurso:

O tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presentar a solicitude ás probas selectivas. Toda a documentación que se achegue deberá presentarse compulsada ou en orixinal para a súa compulsa polo Rexistro.

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- Experiencia laboral no Servizo de Axuda no Fogar xestionado directamente por concellos ou por outras administración públicas: 0,20 puntos por mes traballado ata un máximo de 6 puntos.
- Experiencia laboral directamente relacionada co coidado de ancians ou persoas dependentes, en empresas privadas ou públicas: 0,10 puntos por mes traballado ata un máximo de 4 puntos.

A puntuación máxima neste apartado será de 10 puntos.

A puntuación outorgarase por meses efectivos de traballo a xornada completa. As contratacións a tempo parcial prorratearanse segundo corresponda e o resto de días soltos sumarán meses se alcanzan o número de 30 para cada mes.

Estes méritos acreditaranse mediante copia dos correspondentes contratos de traballo, xunto co certificado de empresa ou informe de vida laboral; ou certificación expedida polo funcionario competente do organismo correspondente que reflicte o corpo ou grupo profesional de pertenza e as tarefas desempeñadas, xunto co informe de vida laboral.

b) FORMACIÓN:

Cursos de formación relacionados coa materia, aplicándose o seguinte baremo en función do número de horas:

- de 10 a 19 horas: 0,10 puntos
- de 20 a 39 horas: 0,25 puntos
- de 40 a 75 horas: 0,40 puntos
- de 76 a 100 horas: 0,60 puntos
- de 101 a 200 horas: 1 punto
- de 201 a 400 horas: 2 puntos
- máis de 400 horas: 3 puntos

- por posuír o certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

DECRETO

Data: 12/05/2021

Número: 2021-0069



Cod. Validación: AKGNXMS32MVEJ7DYKZTP2636K | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 14



Concello de Baralla

domicilio ou equivalente: 4 puntos

- por posuír o título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio: 4 puntos

A puntuación máxima deste apartado será de 8 puntos

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

.c) Antigiüidade como desempleado: 0,10 puntos por mes de antigüidade inscrito no Servizo Público de emprego de xeito ininterrompido, ata un máximo de 2 puntos.

Non se computarán períodos inferiores a un mes, considerándose a estes efectos os meses de trinta días. Para estes efectos, terase en conta o período máis recente e de maneira ininterrompida inscrito no Servizo Público de Emprego.

Acreditarase mediante certificación ou outro documento equivalente, expedido polo organismo correspondente, que permita avaliar a mesma.

En caso de empate, o tribunal poderá realizar entrevistas curriculares ás persoas aspirantes para determinar a súa valoración final

DECRETO
Número: 2021-0069 Data: 12/05/2021



Cod. Validación: AKGNXW532MYE17DYKZTP2636K | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 14

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Concello de Baralla

ANEXO II

INSTANCIA DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR

POSTO: AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR
CONVOCATORIA:
NOME E APELIDOS:
DNI:
DATA E LUGAR DE NACEMENTO:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:
CONCELLO:
TELEFONO DE CONTACTO:
CORREO ELECTRÓNICO:

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- € Fotocopia compulsada do DNI/NIE do/a solicitante
- € Fotocopia compulsada dos méritos
- € Vida laboral actualizada, acompañada dos oportunos contratos.

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE:

- Que é certo o que manifesta e que reúne as condicións esixidas nas bases da devandita convocatoria que declara coñecer, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude
- Que non padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das función propias do posto de traballo para o que se opta
- Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin se atopa inhabilitado/a das función públicas por sentenza firme.

SOLICITO que se teña por presentada a miña solicitude para o proceso de selección arriba sinalado.

En..... a..... de..... de 2021

Sinatura

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO)

ANEXO III

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

DECRETO

Número: 2021-0069 Data: 12/05/2021



Cod. Validación: AKGNXM532MYE7DYKZTP2638K | Corrección: https://baralla.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 14



Concello de Baralla

COMPROMISO DE OBTEN A TITULACION OU HABILITACION PROFESIONAL PARA AUXILIARES DE AXUDA ANO FOGAR

DATOS PERSOAIS	
NOME E APELIDOS	
DATA DE NACEMENTO:	LUGAR DE NACEMENTO:
DNI:	
DOMICILIO:	
MUNICIPIO:	
PROVINCIA:	CODIGO POSTAL:
TELÉFONO:	

O abaixo asinante **COMPROMÉTESE** a obter algunha das seguintes titulacións ou habilitacións profesionais:

-Formación profesional de grado medio de atención sociosanitaria ou equivalente (regulado no Real decreto 496/2003, de 2 de maio).

-Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (regulado no Real decreto 1379/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servicios socioculturais e a comunidade).

-Habilitación excepcional (BS800A) ou provisional (BS800B) para a categoría de auxiliar de axuda no fogar, segundo o establecido na Orde da Consellería de política social do 19/11/2018 pola que se regula o procedemento de obtención das habilitacións profesionais pertencentes as categorías de (..) auxiliar de axuda no fogar nos centros e servizos sociais do Sistema para a autonomía e atención á dependencia no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no DOG de 17/01/2019.

En..... a..... de..... de 2021

Sinatura

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO)

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

DECRETO
Número: 2021-0069 Data: 12/05/2021



Cod. Validación: AKGNXM532MYEJ7DYKZTP2636K | Corrección: https://baralla.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 14 a 14

